

A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (1939 - 1945).

1 - Significado da Segunda Guerra Mundial

- A Segunda Guerra Mundial foi o conflito armado máis grande e sanguento da historia mundial. Nel enfrontáronse as “Potencias Aliadas” e as “Potencias do Eixe” entre 1939 e 1945.
- Houbo 4 fronteiras de guerra (Oriental, Occidental, Pacífico e Mediterráneo) e forzas armadas de máis de 70 países de todos os continentes participaron en combates aéreos, navais e terrestres.
- Por efecto da guerra morreron uns 65 millóns de persoas, na súa maior parte civís, 35 millóns de feridos, e millóns de desaparecidos.
- Como conflito mundial comezou o 1 de setembro de 1939 para acabar oficialmente o 2 de setembro de 1945.

2 - Países belixerantes.

2.1 - Os aliados estaban formados por:

- A Unión Soviética aliouse primeiro con Alemaña para invadir Polonia pero despois do intento de invasión de Alemaña en xuño de 1941, cambiouse de bando.
- Gran Bretaña (1939-1945).
- Estados Unidos (1941-1945). Antes país neutral converteuse en aliado tras o ataque á base de Pearl Harbor polos xaponeses.
- A Francia que non quedou baixo o dominio dos nazis (1940-1945).

2.2 - As potencias do Eixe serán:

- Alemaña, Italia, e Xapón.

2.3 - Permaneceron neutrais:

- España.
- Portugal.
- Suíza.
- Suecia.

2.4 - Líderes destacados.

2.4.1 - Líderes aliados:

- Winston Churchill por Gran Bretaña.
- Stalin pola URSS.

- **Roosevelt** por USA.
- **De Gaulle** por Francia.
- **Chiang Kai-shek** por China.

2.4.2 - Líderes do Eixe:

- **Hitler** por Alemaña.
- **Mussolini** por Italia.
- **Hirohito** (emperador) por Xapón.

3 - Antecedentes de la Guerra.

● Despois do **Tratado de Versalles de 1919**, Alemaña veuse moi pouco beneficiada co final da guerra pola perda de territorios e de gran parte das súas forzas armadas (limitadas a 100.000 homes).

● Tras a **crise de 1929**, Alemaña vese nunha crise xigantesca, xa que os países gañadores da 1ª G.M. esíxenlle os pagos das indemnizacións de guerra, algo que la República de Weimar non podía facer.

● O descontento popular fixo que en **1933**, Adolf **Hitler** fose **elixido presidente da República democráticamente**.

● Ós poucos meses Alemaña convertese nunha ditadura que rompe as normas impostas polo tratado de Versalles e converte a Alemaña nunha potencia militar capaz de competir coa Unión Soviética ou o Imperio Británico.

● En **1936** iníciase a **Guerra civil Española** na que Hitler e o seu aliado, Mussolini non dubidan en intervir a favor do bando de Franco aportando avións, tanques e axuda estratéxica. A guerra civil española estendeuse até **1939** e serviu como ensaio militar para a 2ª G.M.

● En **1938**, Hitler coa escusa de unificar os pobos de fala xermana, decide invadir pacificamente **Austria**, e forma o Gran Terceiro Reich (“ampliación do espazo vital”)

● En **1939**, Alemaña, invade **Checoslovaquia**, e conquista ese país, os aliados occidentais déixanlle saírse coa súa. Hitler quería que a potente industria checa traballase para o Terceiro Reich (Cuestión dos sudettes)

● Este mesmo ano Estados Unidos, aceptou unha lei de neutralidade, para non verse arrastrada a un novo conflito militar e Hitler asina un **tratado** de non agresión e axuda mutua coa **Unión Soviética**. (O tratado con Rusia incluía unha cláusula secreta de reparto do Leste de Europa con Hitler)

4 - Desenvolvemento da guerra.

4.1 - Comezo da guerra (3 de setembro de 1939) e vitorias alemás.

- O 1 de setembro de 1939, as forzas alemás invaden **Polonia**. O 3 de Setembro **Inglterra e Francia** envían un ultimato a Hitler e comeza a 2ªG.M.
- En cumprimento do pactado con Hitler (Pacto de Non Agresión), **a Unión Soviética invade o Leste de Polonia**. O 27 de Setembro cae a capital de Polonia, Varsovia. En menos dun mes o exercito polaco fora aniquilado.
- En abril de 1940, as tropas alemás invaden **Dinamarca e Noruega**.
- En maio de 1940, Hitler invade os **Países Baixos e Bélxica** e desde alí entra cara Francia como xa se fixera na 1ªGM.
- En xuño de 1940 cae **París**. Fórmase o goberno colaboracionista de Vichy no sur de Francia ó mando do xeneral Pétain (colaboracionista). Pero tamén se organiza a resistencia desde Inglterra baixo a dirección do xeneral De Gaulle (da Resistencia).
- En xullo de 1940 Alemaña inicia a **invasión aérea de Inglterra** que **resistiu 1 ano ata que Hitler decidiu cambiar de táctica**. Grazas á resistencia de Gran Bretaña Europa puido tomar forza para poder contraatacar ao Eixo.

4.2 - A Situación da guerra a comezos de 1941.

- A principios de 1941, o **III Reich dominaba** Checoslovaquia, Polonia, Noruega, Holanda, Bélxica, Dinamarca, Francia, Iugoslavia e Grecia.
 - **Era aliado** de Italia. E tiña **alianzas militares** con Romanía, Bulgaria, Hungría e Finlandia. Tamén, tiña un tratado con Stalin, polo que se repartiu Polonia e estaba a recibir da URSS millóns de toneladas de materias primas.
 - **Dos países "neutrais"** como Suíza recibía ouro e millóns de dólares. De Suecia ferro e metais. E de España Wolframio e ferro.
 - Ademais de posuír, grazas á súa vitoria sobre Francia, todas as **colonias de Francia no Norte de África**.

4.3 - A invasión alemá e o contraataque soviético.

- En xuño de 1941 Hitler invade por sorpresa a **URSS** ("**Operación Barbarroja**") para aproveitarse dos seus recursos e rematar co comunismo. Nun día mobiliza 3 millóns de homes. **Chega a Kiev**.
- En novembro de 1941 Hitler cerca **Leningrado** e avanza cara **Moscova**, pero o exército ruso contraataca e Hitler sae **derrotado** diante do inverno ruso.
- En 1942 Hitler decidiu facer un último intento ca Unión Soviética atacando polo sur para facerse cos recursos petrolíferos do Caúcaso.
- Tamén quixo conquistar **Stalingrado** polo seu valor estratéxico.
- En **xaneiro de 1943** ten lugar o contraataque final soviético axudado por tanques e avións norteamericanos. Os alemás retiráronse.

- No **verán de 1943** os soviéticos expulsaron definitivamente ós alemáns do seu territorio (**Batalla de Kursk**).

4.4 - A guerra no Pacífico.

- En **decembro de 1941** Xapón ataca a base militar americana de **Pearl Harbor**. **Comeza a guerra no Pacífico**. Pearl Harbor era un punto estratéxico no Pacífico. Despois da súa destrución EE.UU. ataca a Xapón.

- Houbo moitos enfrontamentos marítimos e aéreos sobre o Pacífico. **A partir de mediados de 1942** os americanos tomaron a iniciativa no Pacífico fronte ós avances xaponeses.

- **Na batalla aérea de Midway**, Xapón perdeu oficialmente a súa primeira batalla contra EE.UU.

- En **xaneiro de 1943** **Na batalla de Guadalcanal** Xapón puxo fin á súa esperanza de invadir Australia.

- En **1944** os estadounidenses ganarían o control das **Filipinas e Indonesia** e o conflito acercárase ó territorio xaponés.

- Os bombardeos masivos das cidades xaponesas sucedéronse pero os xaponeses resistiron ata as **bombas atómicas** sobre as cidades de **Hiroshima e Nagasaki** en **agosto de 1945**.

4.5 - A guerra no deserto.

- En **febreiro de 1941** as tropas expedicionarias alemás chegaron ao **porto de Trípoli** en África do Norte para apoiar ós seus aliados italianos.

- O obxectivo final dos **alemáns ó mando de Rommel** (“zorro del desierto”) era chegar á canle de Suez para poder pasar a Oriente Medio.

- Prodúcese varias vitorias de Rommel no camiño cara Oriente Medio ata que as **tropas inglesas comandadas por Montgomery** (“**rata del desierto**”) deteñen o avance alemán no Alamein, Exipto (**batalla de El Alamein** en **outubro de 1942**).

4.6 - A invasión aliada de Italia.

- En **xullo de 1943** forzas inglesas e norteamericanas desembarcaron en **Sicilia**.

- En **outubro de 1943** os aliados reinician a súa ofensiva desembarcando no sur de Italia. Continúan a súa marcha pero son detidos na rexión de **Monte Casino**, por paracaidistas alemáns.

- Os aliados logran en **xuño de 1944** **liberar Roma** e os alemáns fixan a súa nova liña defensiva no norte de Italia.

4.7 - O “día D”, o desembarco de Normandía (6 xuño de 1944).

- Este feito foi o definitivo para a caída do Eixo. Tropas aliadas ó mando do xeneral americano **Eisenwoher** (“Ike”) desembarcaron nas costas francesas.
- Os alemáns enfrontáronse a eles na **batalla das Ardenas (bosque considerado impenetrable)** pero foron derrotados.
- En **agosto de 1944** **París** foi liberada.

4.8 - A batalla de Berlín (maio de 1945).

- Alemaña empezou a ser asediada desde o aire con continuos bombardeos aliados que aniquilaban as súas cidades e industrias.
- O avance soviético desde o leste **a partir de mediados de 1943** levounos a pelexar no seu propio territorio.
- En **Abril de 1945** os soviéticos rodearon **Berlín**, ao mando do xeneral **Zhúkov**.
- En **maio de 1945** tomaron a cidade e **Hitler suicidouse**. Días antes Mussolini fora detido e executado no norte de Italia.

5 - Repercusións da 2ªG.M.

- En 1945 celebráronse dúas conferencias:
 - **A Conferencia de Yalta** (febreiro) en Crimea entre Churchill (por Inglaterra), Roosevelt (por USA), e Stalin (pola URSS)
 - **A Conferencia de Postdam** (agosto) en Alemaña entre Atle (por Inglaterra) Truman (por USA), e Stalin (este é o único político experimentado e consegue impoñerse nas negociacións. Isto xerará un resentimento por parte de Inglaterra e USA).
- Os acordos ós que chegaron foron:
 - **Imposicións ós vencidos:**
 - **Alemaña** e a súa capital Berlín foron divididas en 4 zonas administradas cada unha por USA, Francia, Gran Bretaña e a URSS.
 - **Austria** e a súa capital Viena, pasoulle o mesmo ca Alemaña.
 - **Xapón:** mantense a figura do emperador baixo administración norteamericana.
 - En Italia e Alemaña eliminouse o fascismo e o nazismo e os seus dirixentes foron condenados nos **xuízos de Nurember**.
 - Establecéronse sistemas democráticos ou comunistas segundo foran da área de influencia da URSS ou de Estados Unidos.

- **Modificacións territoriais:**
 - **Alemaña** perde territorios en Beneficio de Polonia.
 - **A URSS** mantén Estonia, Letonia e Lituania e anexiona a zona oriental polaca.
- **A Fundación da ONU en 1945** polos aliados **ca finalidade** de:
 - **Manter a paz** e a seguridade internacionais.
 - Fomentar as relacións de amizade e cooperación entre os pobos e nacións.
 - Axudar na **solución de problemas internacionais** de carácter económico, social, cultural ou humanitario.
 - Os **organismos máis importantes** da ONU son:
 - A **Asemblea Xeral** con sede en Nova York na que están representados todos os Estados membros.
 - O **Consello de Seguridade** que é o órgano permanente encargado de manter a paz internacional. Está formado por 15 membros dos cales **5 teñen dereito a veto** (USA, URSS, China, Francia, e Gran Bretaña).
 - **Secretaría Xeral** que leva a coordinación xeral e a representación da ONU.
 - **Tribunal Internacional de Xustiza** que é o encargado de xulgar os conflitos que xurdan entre os países membros.

● Pero esta aparente entendemento dará paso **a partir de 1947 a chamada “guerra fría”** entre as potencias capitalistas, encabezadas por Estados Unidos, e as potencias comunistas, comandadas pola URSS.